

ORQUESTRA EXPLORATORIA

música, son, comunidade, territorio

facilitador: Nacho Muñoz / músico, investigador sonoro e activista cultural



Intervención urbana co “Macrófono” de Escoitar.org en Riazaor (A Coruña)

Descrición

A Orquestra Exploratoria é un **laboratorio itinerante** de **creación sonora colaborativa** facilitado polo músico e **investigador sonoro Nacho Muñoz**.

A idea básica é **facilitar encontros** onde **escoitarse** e descubrimos **colectivamente** os diferentes **imaxinarios sonoros das persoas** e/ou colectivos do lugar, para construír xuntas unha **experiencia única**, preparada ao longo de **varias sesións de traballo** e compartida nun **concerto** (ou varios) onde mostramos o **resultado do proceso**.

Utilizando diferentes **metodoloxías participativas** aplicadas ao sonoro (exercicios de **escoita activa**, técnicas de **improvisación colectiva** ou técnicas de **condución gestural**), combinadas con achegamentos á **música e á auralidade** desde **estéticas contemporáneas** (fonografía, **electrónica** ou diferentes técnicas instrumentais non convencionais), conseguimos crear desde o silencio unha **obra colaborativa única** a partir dos **diferentes imaxinarios sonoros** de cada persoa participante.

O que nos interesa en definitiva é aproveitar o **enorme potencial da música** como conectora e **vinculadora de persoas** de diversos **lugares, formas de vida, idades ou clases sociais**, para construír un espazo onde poidan **convivir diferentes sentires e saberes**.

A Orquestra Exploratoria é un proxecto nado **no ano 2012** no **Centro de Residencias Artísticas Alg-a Lab en Valadares (Vigo)**, desenvolvéndose ao longo dos últimos anos en **diferentes lugares de Galicia, España e Portugal**.

Últimas Experiencias

Orquestra Exploratoria de San Pedro 2.0 (**Escola Unitaria, Compostela** 2019)
Orquestra Exploratória do Porto (**Museu Serralves, Porto** 2019)
Orquestra Exploratoria de Blanca (II Festival Da Raíz ao Noise, **Centro Negra, Branca/Murcia** 2019)
Orquestra Exploratoria de Blanca (Encontro Prácticas Contemporánea, Centro Negra, Murcia 2018)
Orquestra Exploratória de Mirafior (**Espaço Mira, Porto** 2018)
Orquestra Exploratoria de Blanca (I Festival Da Raíz ao Noise, C. Negra, Branca/Murcia 2018)
Orquestra Exploratória de Calde (**Museu do Linho de Calde / Viseu, Portugal** 2017)
Orquestra Exploratória da Central Folque (**Auditorio de Galicia/Compostela** 2017)
Orquestra Exploratoria de San Pedro (Centro Cultural A Triska, Compostela 2017)
Orquestra Exploratoria de Valadares (Centro Cultural de **Valadares, Vigo** 2012)

Documentación

[Canal Vimeo](#)
[Portfolio Nacho Muñoz](#)

Desenvolvemento do Proxecto

Este proxecto colaborativo desenvólvese en **4 fases principais**: **Investigación e diálogo social**, acompañamento e **facilitación** do proceso creativo sonoro, **produción** e comunicación dun evento e **valoración**, memoria final e seguimento.

- A primeira fase, en **colaboración coa entidade anfitríoa**, consiste en **mapear o contexto específico** musical do territorio e **conectarnos coa veciñanza** e o tecido comunitario do lugar, co fin de presentarlles o proxecto e atopar as **persoas ou entidades** dispostas a emprender o **proceso participativo**.
- Unha vez configurado o **equipo de persoas**, organizamos e comezamos as **sesións de traballo**: escoita, experimentación, gravacións de campo e **creación conxunta de estruturas (composición colectiva)**.
- A terceira fase é a **preparación do concerto final**: todo o que leva a **produción dun evento**; como expomos a performance, en que lugar, necesidades técnicas, comunicación, etc.
- E a última fase do proceso consiste en facer unha **valoración conxunta** e unha **memoria do proceso**, coa idea de que **a experiencia poida ser multiplicada** noutros lugares e de facilitar o **transvase do proxecto á comunidade**.

Contexto

Esta iniciativa englobase dentro dunha **rede transnacional** de centros de arte, artistas, mediadores e activistas culturais, focalizados na **organización e facilitación** de diferentes **prácticas artísticas** en **contextos de proximidade**, onde o **espazo público** se foca coma un territorio de **porosidade entre a institución artística, a institución educativa e a cidadanía**, un espazo onde o local constrúese coa **comunidade** e no que pódese desprender unha **interacción creativa** específica.

Neste punto cómpre suliñar algunhas **colaboracións** ao longo destes anos con diferentes entidades culturais **nacionais e internacionais** como:

AADK Spain (Branca / Murcia)
MIRA FÓRUM (Porto / Pt)
Museu Serralves (Porto / Pt)
Binaural (Viseu / Pt)
Gruby Punkt (Gdansk / Polonia)

Necesidades Técnicas

Sesións de Traballo

Videoproxector + parede / pantalla / tea de proxección
Pequeno equipo de son
Unha mesa de aprox. 2x1x1m.
Conexión a Internet

Concerto

PA + mesa de mesturas 16 canles + 2 monitores de palco (segundo necesidades do espazo)
4 micros de ambiente
2 caixas de inxección
1 mesa de aprox. 2x1x1m

Notas Bio Nacho Muñoz (Vigo 1969)

Pianista, compositor e activista cultural galego actualmente residente en **Compostela**. Desde hai varios anos a súa **investigación artística** céntrase na **incorporación de paisaxes sonoras** á súa linguaxe compositiva, na **composición generativa e algorítmica** de sons electrónicos e na **composición contemporánea no piano**. Tamén coñecido polos pseudónimos **madamme cell ou Parkour Sonoro**, co seu actual proxecto **Sonic Parkour** propón **concertos audiovisuais de piano** proxectando **Imaxes e sons** recollidos en diferentes viaxes e **residencias artísticas por Europa**.

Fué **codirector** do **espazo de residencias Alg-a Lab** en Valadares/Vigo, creador da iniciativa sobre **arte e medio rural Verbenas Periféricas** e participou na creación da plataforma de **investigación sobre montes comunais Montenoso**. Actualmente forma parte do **colectivo Galiza Emocional**, adicado a facilitar **prácticas artísticas específicas** en barrios e núcleos rurais de **Galicia e Portugal**.

- **compositor, produtor musical, pianista, músico electrónico e artista sonoro.**

- creador e facilitador do espazo de **creación sonora colaborativa ORQUESTRA EXPLORATORIA**
- creador da iniciativa sobre **son e espazo público SONIC PARKOUR**.
- performer de **música electrónica (AKA MADAMME CELL)**.
- membro da **banda de free rock IgMIg**
- membro do **trío de jazz contemporáneo FONOGENIA**.
- produtor de **Mercedes Peón, Uxia Senlle, Ecléctica Ensemble** (electrónica e tradicional).

- **facilitador, coordinador**

- co- dirección artística na iniciativa sobre **arte e educación social GALIZA EMOCIONAL** (2019-actualidade)
- coordinación artística na iniciativa de visibilización e dinamización dos **montes comunais de Galicia Montenoso** (mención de honra nos **premios Golden Nica / Ars Electrónica 2014**)
- co-dirección do **Centro de Residencias Artísticas Alg-a Lab** en Vigo (2008/2014).
- creador da iniciativa sobre **arte, tecnoloxía e medio rural Verbenas Periféricas** (2008/2015)

relatorios

Quam 2012 Mecanismos de Porosidad / Arte, Educación e Territorio: Acvic (**Vic** 2012)
Verbenas Periféricas: I Encuentro Arquitecturas Colectivas (**San Pere de Torelló** 2011)
Verbenas Periféricas: II Encuentro Arquitecturas Colectivas (**Pasaia** 2012)

artigos

Transductores 1. **Pedagogías colectivas y políticas espaciais.** Editorial: DIPUTACION PROV. GRANADA. Año 2010

Transductores 2. **Pedagogías en red y prácticas instituyentes.** Editores Antonio Collados y Javier Rodrigo. Editorial: DIPUTACION PROV. GRANADA .Año 2012

Desacuerdos. **Sobre arte, políticas e esfera pública en el Estado español.** Cuaderno 6. Editores: Museos Reina Sofía, Unia Arte e Pensamento, Arteleku Guipúzcoa, Año 2011.

comisariados

Feira imaxinaria: Residencia Colectiva Nómade (Alg-a Lab, Vigo, 2011,12,13)

Nossomossón : Exposición de instalacións Dixitais Interactivas (Espazo A Normal, Universidade da Coruña, 2012)

NACHO MUÑOZ

madammecell@yahoo.es

0034 631 715 798



ORQUESTRA EXPLORATORIA by Nacho Muñoz

DOSSIER GRÁFICO



0

Orquesta Exploratoria de Blanca (II Festival De la Raíz al Noise, Centro Negra, Blanca/Murcia 2019)



Orquesta Exploratoria A Central Folque (Auditorio de Galicia/Compostela 2017)



Orquesta Exploratoria de Blanca (I Encuentro Prácticas Contemporáneas, Centro Negra, Murcia 2018)



Orquesta Exploratoria de Blanca: ensaios coa Rondalla La Capaza (2018)



Orquestra Exploratória de Mirafior (Espaço Mira, Porto 2018)



Orquestra Exploratória de Mirafior (Espaço Mira, Porto 2018)



Orquesta Exploratoria de Blanca (I Festival De la Raíz al Noise, Centro Negra, Blanca/Murcia 2018)



Orquesta Exploratoria de San Pedro (Centro Cultural La Triska, Compostela 2017)



Orquesta Exploratoria de Blanca (I Festival De la Raíz al Noise, Centro Negra, Blanca/Murcia 2018)



Orquesta Exploratoria de Blanca (I Encuentro Prácticas Contemporáneas, Centro Negra, Murcia 2018)



Orquestra Exploratoria de Blanca / interagindo coa paisaxe sonora do lugar



Orquestra Exploratória do Porto (Museu Serralves, Porto 2019)



Orquestra Exploratória de Mirafior (Espaço Mira, Porto 2018)

NACHO MUÑOZ

madammecell@yahoo.es

0034 631 715 798